

A Coruña, a 24 de marzo de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°29 TEMP 2022-23.

Equipos participantes: C. W. P. Ourense- C.W.C. Rías Altas.

Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.

Data de celebración: 19/03/2023.

FEITOS

. O día 21 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

"No minuto 2:43 do 2º período amoéstase con expulsión definitiva, con substitución disciplinaria ao xogador visitante nº 2, M. Patiño Calvo, con nº de licencia 1015634 por:

Tras gañar a posición e cun defensor detrás soltar unha patada, podendo impactar no rostro do xogador rival.

Acabado o encontro acude á mesa para desculpase cos colexiados."

- O día 21 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.b).
- As desculpas como atenuante de arrepenimento espontáneo do art. 11.a).

RESOLVE

- Sancionar a M. Patiño Calvo con número de licenza 1015634 xogador do C. W. C. Rías Altas cat. División de Honra Masculina con amoestación nesta categoría(art. 9.III.a).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN